

APROBACIÓN DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE SANIDADE

O 19 de maio de 2023, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia (PXMA), que substitúe ao anterior plan xeral do 10 de decembro de 2021 e que se enmarca dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

O PXMA prevé que as persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia aproben os seus propios plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, que agrupan os plans específicos dos diferentes centros directivos que forman parte das súas respectivas estruturas e os das entidades adscritas a elas.

Así mesmo, segundo o PXMA, coa aprobación dos seus propios plans declárase o compromiso das consellerías coa política de integridade e prevención de riscos establecida no PXMA.

En particular, as persoas titulares dos centros directivos e das entidades instrumentais adscritas a esta consellería formularon a súa proposta de aprobación dos seus respectivos plans específicos, segundo se relaciona a continuación:

CENTRO DIRECTIVO/ENTIDADE	PROPOSTA DE APROBACIÓN
Secretaría Xeral Técnica	08/11/2024
Dirección Xeral de Saúde Pública	18/11/2024
Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria.	20/11/2024
Servizo Galego de Saúde - SERGAS	23/10/2024
Axencia Galega para a Xestión do Coñec. en Saúde - ACIS	28/10/2024
Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos – ADOS	18/09/2024
Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia - 061	11/11/2024
Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	26/11/2024
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	29/11/2024

De acordo con todo o anterior e, en virtude das competencias que me atribúe a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2023,

APROBO

O plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Sanidade, que se insire a continuación.

O conselleiro de Sanidade

Antonio Gómez Caamaño

(asinado dixitalmente á marxe deste documento)



PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE SANIDADE

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	1
2	CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA	1
3	FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES NA XESTIÓN DE RISCOS	3
3.1	A CONSELLERÍA.....	3
3.2	RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS	3
4	ANEXOS.....	5
	• PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	5
	• PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA	5
	• PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E REFORMA SANITARIA	5
	• PLAN ESPECÍFICO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE - SERGAS.....	5
	• PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE - ACIS.....	5
	• PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS – ADOS	5
	• PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA - 061	5
	• PLAN ESPECÍFICO DE GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A	5
	• PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA	5



1 INTRODUCCIÓN

O 19 de maio de 2023 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, que substitúe ao anterior plan xeral do 10 de decembro de 2021 e que se enmarca dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

O Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (PXMA) prevé que as persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia aproben os seus propios plans, que estarán integrados polos dos seus centros directivos e das entidades instrumentais do sector público autonómico adscritas a elas.

O presente documento constitúe o plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Sanidade e inclúe os plans específicos dos centros directivos e entidades instrumentais que se relacionan a continuación, e que se incorporan como anexos a este plan:

CENTRO DIRECTIVO/ENTIDADE
Secretaría Xeral Técnica
Dirección Xeral de Saúde Pública
Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria.
Servizo Galego de Saúde - SERGAS
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde - ACIS
Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos – ADOS
Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia - 061
Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica

Se é o caso, a incorporación sucesiva de máis centros directivos e entidades suporá a modificación, por addenda, do plan de prevención de riscos desta consellería.

2 CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA

Norma reguladora

DECRETO 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade. (en diante, Decreto 144/2024, do 20 de maio).

Competencias

De acordo co previsto no artigo 1 do decreto 144/2024, do 20 de maio, a Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde. Así mesmo, correspóndelle o exercicio das competencias e medidas especiais



que para situacións sanitarias urxentes ou de necesidade deban adoptarse en materia de saúde pública.

Estrutura

O artigo 2 do Decreto establece que, para o exercicio das súas funcións, esta Consellería conta coa seguinte estrutura:

a) Órganos centrais:

- 1º. A persoa titular da Consellería.
- 2º. A Secretaría Xeral Técnica.
- 3º. A Dirección Xeral de Saúde Pública.
- 4º. A Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria.

b) Órganos colexiados:

- Consello Galego de Saúde
- Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia
- Comisión Interdepartamental de Coordinación da Atención Sociosanitaria de Galicia e o Comité de Planificación de Atención Sociosanitaria adscrito a ela.
- Consello para a Innovación en Materia Sanitaria
- Comisión de Coordinación da Calidade
- Comisión Autonómica de Formación Continuada dos Profesionais Sanitarios
- Comisión Técnica Asesora de Bibliosaúde
- Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte á Infección polo Mycobacterium Tuberculosis
- Comisión Galega para Avaliación de Manexo da Tuberculose Resistente a Fármacos
- Comisión Galega de Enfermidades Inmunoprevibles
- Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte á Infección por VIH/Sida e outras Infeccións de Transmisión Sexual
- Comisión Asesora sobre Diabetes
- Consello Galego de Bioética de Galicia
- Comisión Técnica Asesora sobre Equipamento en Diagnóstico pola Imaxe e Radioterapia
- Comisión Interdepartamental en materia de Educación e Saúde
- Comisión Galega de Laboratorios para a Realización de Ensaos de Control de Produtos Alimenticios relacionados co Consumo Humano
- Comisión Técnica para o Seguimento e Avaliación do Plan Obesidade Zero en Galicia
- Comité asesor do Programa galego para a detección precoz de enfermidades xenéticas, endócrinas e metabólicas en período neonatal
- Consello Técnico Asesor en Intelixencia Artificial e Espazo de Datos do Sistema Público de Saúde de Galicia
- Consello Técnico de Seguimento e Mellora da Calidade no Control Oficial en Saúde Pública



- Consello de Asesoramento do Rexistro Galego de Tumores

c) Órganos periféricos:

As direccións territoriais.

Así mesmo, quedan adscritos a esta consellería os seguintes organismos:

- a) O organismo autónomo Servizo Galego de Saúde.
- b) A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.
- c) A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

3 FUNCÍONS E RESPONSABILIDADES NA XESTIÓN DE RISCOS

Sen prexuízo das funcións e responsabilidades previstas no PXMA respecto da Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de prevención de riscos de xestión, e demais órganos transversais, concréntanse neste plan as previsións aplicables a cada centro directivo e entidade desta Consellería.

3.1 A CONSELLERÍA

O compromiso desta Consellería asúmese mediante a aprobación, por parte da persoa titular respectiva, deste plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude que agrupa todos os plans específicos dos diferentes centros directivos que forman parte da súa estrutura e os das entidades adscritas a ela.

Ademais, tal compromiso implica, entre outras, a responsabilidade de divulgar entre o persoal da consellería os riscos identificados e os mecanismos de detección previstos para que se involucre nun ecosistema de control e execución das medidas programadas.

3.2 RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS

O PMXA prevé que os órganos ou as unidades responsables de integridade e prevención de riscos previstas no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 para as consellerías e as entidades velarán polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuarán como interlocutores cos órganos transversais na materia e informarán directamente ao órgano superior das eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa súa aplicación.

Así mesmo, cada centro directivo poderá designar no seu plan específico unha persoa de apoio aos responsables de integridade e prevención de riscos da consellería, no seu ámbito concreto de actuación.

De acordo co indicado no PXMA, dada a complexidade da estrutura organizativa ou o número de entidades adscritas a esta consellería, considérase conveniente constituír un comité de integridade que asuma as funcións establecidas para os responsables de integridade e prevención de riscos e adicionalmente actúe como órgano de coordinación e consulta respecto das actuacións e medidas do plan da consellería.



Así, neste plan procédese a designar as persoas integrantes do comité de integridade desta Consellería:

- ✓ A persoa titular da Vicesecretaría Xeral, a proposta da Secretaría Xeral Técnica
- ✓ A persoa titular do Servizo de Xestión Organizativa, a proposta de Dirección Xeral de Saúde Pública
- ✓ A persoa titular da Sección de Planificación Sanitaria, a proposta de Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria
- ✓ A persoa titular da Xerencia, a proposta de Servizo Galego de Saúde - SERGAS
- ✓ A persoa titular do Servizo de Xestión, a proposta de Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde - ACIS
- ✓ A persoa titular da Dirección de Xestión e Servizos Xerais, a proposta da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos – ADOS
- ✓ A persoa titular da Dirección de Xestión e Servizos Xerais, a proposta da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia - 061
- ✓ A persoa titular da Dirección de Recursos Humanos, a proposta de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A
- ✓ A persoa titular do posto de Técnico/a de Calidade, a proposta da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica

A este comité correspóndenlle as seguintes funcións:

- Supervisar e avaliar o funcionamento regular e a correcta aplicación das medidas de prevención, detección e corrección en relación cos riscos asumidos, ademais de detectar as vulnerabilidades e propoñer as accións de mellora.
- Asesorar a correcta aplicación dos procedementos de xestión de conflitos de intereses, en particular, aos órganos responsables de resolver os procedementos de abstención e recusación.
- Velar pola existencia de documentación soporte dos controis internos realizados, da avaliación dos riscos e do seguimento da implantación das medidas correctoras en materia antifraude, así como do procedemento realizado para a corrección e persecución dos casos nos que se detecten condutas contrarias ao sistema de integridade.
- Velar por que o persoal dispoña dos coñecementos e reciba a información necesaria para poder levar a cabo as accións que procedan en relación cos riscos de fraude, corrupción, conflitos de intereses e dobre financiamento.

As modificacións ou os novos nomeamentos posteriores á aprobación deste plan serán efectuados pola secretaría xeral técnica da consellería.



4 ANEXOS

- PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
- PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA
- PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E REFORMA SANITARIA
- PLAN ESPECÍFICO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE - SERGAS
- PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE - ACIS
- PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS – ADOS
- PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA - 061
- PLAN ESPECÍFICO DE GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A
- PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA

